

PEZA: Retrato de Pedro Calderón de la Barca

AUTOR: atribuido a Juan Carreño de Miranda

NºINV.: D-894

Peza favorita de **Fernando Ocampo**

«Os que fomos por letras recoñecemos facilmente o rostro deste ancián cabaleiro (tema 11 do libro de Literatura Española, «El Siglo de Oro: el teatro»). Sobre o pintor, Juan Carreño de Miranda, non atoparemos libro nin artigo no que non figure a expresión «pintor da decadencia», xa que a través da súa obra deixou testemuña do triste final da Casa de Austria.

Os retratos de Carreño son sobrios e austeros, coa rara cualidade de deixarte intrigado sobre que estarán a pensar os personaxes, iso que os que falan fino chámantele capacidade de penetración psicolóxica. Vemos ao vello escritor con xesto pensativo que, a mi particularmente, dáme a impresión de estar a piques de decir algo. O fondo, de pura escuridade, mesturase co negro da sotana, eliminando do cadro todo o superficial -vaidades mundanas, dicían daquela- todo agás os distintivos da Orde de Santiago, razón pola cal atopamos este lenzo no MdPS. A medalla e o bordado fannos intuír que aquela *cabeciña* ten un corpo mortal que, como todo o material, é depreciable (alimento de vermes etc., o barroco era así de tremebundo). Pero, así como o corpo non importa, a honra que é patrimonio da alma, constitúe un prezado ben espiritual, certificado aquí coa pertenza á orde.

Na época de Calderón o hábito de Santiago era o más cobizado, e tamén o más difícil de obter. Lonxe do seu fin primixenio de protección dos peregrinos e loita contra o infiel, convertérase nunha corporación nobiliaria cuxa insignia garantía non só un impecable *pedigree*, senón tamén un comportamento sen tacha, comportamento que para o dramaturgo era a base da honra... E os que fomos por letras estudamos como de barroco era Calderón coas cousas da honra».

Fernando Ocampo

10 de xullo de 2020